



CAMPIONATO DE GALICIA DE AUTOCROSS 2016

FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO
E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tfno: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



REGULAMENTO PARTICULAR

PROBA: 32º AUTOCROSS SANTA COMBA

CIRCUITO: MARLAN
PROVINCIA: A CORUÑA
DATA: 2 DE ABRIL DE 2016





Artigo 1.- ORGANIZACIÓN:

A ESCUDERIA AMIGOS DO MOTOR, organiza o 32º AUTOCROSS SANTA COMBA o día 2 de ABRIL de 2016, proba puntuable para o Campionato de Galicia de Autocross.

Artigo 2.- VEHÍCULOS ADMITIDOS.

2.1.- As probas puntuables para este Campionato deberán admitir unicamente as participacións de vehículos comprendidos na División Iª repartidos a súa vez nas seguintes clases de cilindrada, que a continuación se indican:

2.2.- **DIVISIÓN 1ª.** Derivados de vehículos de produción homologados ou non homologados:

CLASE I: Cilindrada ata 1.600 c.c.

CLASE II: Cilindrada mais de 1.601 c.c. sen límite de cilindrada.

CLASE III: Car Cross 600 c.c.

CLASE IV: Grupo P: supercrosscar (provintes turismos), e 4x4 (libres e prototipos), e vehículos de tracción traseira (sen límite de cilindrada).

* Ningunha categoría será constituída de non haber 6 vehículos autorizados a participar na proba na que se inscribieran a tódolos efectos.

2.3.- Os Supercrosscar, e os 4X4 non provintes das series dos fabricantes, terán que ser homologados pola Federación Galega de Automobilismo, para Autocross e Montaña, e terán que posuir un pasaporte técnico obrigatorio.

2.4.- Os vehículos deberanse presentar as verificacións nun estado impecable de chapa e pintura, e cumprir-los pesos mínimos de 500 kg., os Supercrosscar, e de 950 kg. tódolos 4x4, provinte de serie e prototipos.

2.5.- Os Comisarios Deportivos poderán, en calquera momento, non autoriza-la saída dun vehículo nunha proba, pola súa antigüidade, mal estado, modificacións non autorizadas ou calquera tipo de anomalía, que o seu criterio non cumpran coas medidas de seguridade esixidas.

2.6.- Un mesmo vehículo non poderá inscribirse en dúas clases na mesma proba.

Artigo 3.- DESIGNACIÓN DE NÚMEROS.

3.1.- Os cinco mellor clasificados de cada clase otorgaráselle o número de dorsal segundo a súa clasificación na edición do Campionato de Galicia de Autocross 2015.

3.2.- Obrigatoriamente os números irán nas portas dianteiras e un terceiro irá no parabrisas segundo o artigo 10.8 das prescricións comúns dos Campionatos, e Copas de Galicia 2016.

3.3.- Recoméndase que as organizacións dispoñan dos números suficientes, a maiores, para poñer nos vehículos de Car Cross e Turismos.

3.4.- A perda dun número de competición, poderá ser motivo de exclusión se non se pode identificar ben o vehículo, e sempre a criterio dos Comisarios Deportivos.



3.5.- Para pilotos que non se clasificasen na edición anterior, daráselle o número debendo cada piloto repoñer ditos números no caso de ter que substituílo por arranxos de chapa ou outras razóns, pintándoo igual ó que se lle entregou, se non, penalizaráselle coa exclusión dos Comisarios Deportivos da proba.

Artigo 4.- INSCRICIÓNS.

4.1.- Establécense uns dereitos de inscrición según o coeficiente da proba de **100€ (coeficiente 7)**, aceptando a publicidade do organizador e dereitos dobres non aceptando a publicidade do organizador.

4.2.- Si nunha categoría só houberse unha inscrición de 4 participantes, cunha antelación de 3 días o organizador podera comunicar á Federación a anulación da devandita modalidade.

4.3.- O prazo de admisión de inscricións pecharase 3 días antes do inicio da proba, data na que se publicará a lista de inscritos.

4.4.- O boletín de inscrición enviarase vía fax/Email ó organizador cuberto e firmado, co nome, escudería, vehículo, cilindrada e número se ó ten asignado para á tempada, xunto co xustificante de pago.

FAX 981 880 153 amigosdomotor@gmail.com

4.5.- O Comité de Organización resérvase o dereito de refusa-la inscrición dun concursante ou dun piloto debéndose da-los motivos. (Art. 74 do C.D.I.).

4.6- Será obrigatorio presentar nas verificacións administrativas, as licencias, requisitos obrigatorios para a súa admisión.

4.7.- Os dereitos de inscrición poderán ser satisfeitos na secretaría da proba ou na entidade bancaria SANTANDER sucursal de SANTA COMBA número de IBAN ES74 0030 6104 1600 0012 3271.

Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantido a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.



Artigo 5.- HORARIOS DA PROBA.

Data	Horario	Programa	Lugar
02/03/2016	14:00	Apertura de inscricións	Secretaría da proba TEL 635 547 282 amigosdomotor@gmail.com
30/03/2016	20:00	Peche de inscricións	Circuito
	21:00	Publicacion lista inscritos	
02/04/2016	09:00 a 11:00	Verific. Administrativas Clase I, II, III e IV	
	09:15 a 11:15	Verific. Tecnicas Clase I, II, III e IV	
	11:45	Publicación lista de autorizados a toma-la saída Clase I, II, III, IV	
	12:00	Saída adestramentos -1.600 c.c.	
	12:30	Saída adestramentos +1.600 c.c.	
	13:00	Saída adestramentos Car Cross	
	13:30	Saída adestramentos 4x4	
	15:30	Semifinais -1.600 c.c.	
	16:00	Semifinais +1.600 c.c.	
	16:30	Semifinais Car Cross	
	17:00	Semifinais 4x4	
	17:15	Final B -1.600 c.c. (*)	
	17:35	Final B +1600 c.c. (*)	
	18:00	Final B Car Cross (*)	
	18:20	Final -1.600 c.c.	
	18:40	Final +1.600 c.c.	
	19:00	Final Car Cross	
	19:20	Final 4x4	
19:30	Publicación de resultados según concluan as finais		
Deseguido	Rolda de prensa dos vencedores das catro categorías		
Deseguido	Entrega de premios e trofeos		

Nota: Levantamento vehículos parque pechados: Ós trinta minutos da publicación oficial da clasificación. Por ilo, ao deveñir en firme a mesma, **autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos dos parques pechados**, sen ter que esperar ás entregas de premios.

(*) De non poder empeza-la Final B no horario establecido os Comisarios Deportivos poderán suspende-las Finais B, pasando a disputarse directamente a Final A. Será obrigatorio que a proba se faga sen pausas intermedias. Si se celebraran máis ou menos mangas semifinais ou finais B, que as programadas no cadro horario do regulamento particular, despois dos adestramentos. Os Comisarios Deportivos publicarán no taboleiro de anuncios o novo horario e o avisarán por megafonía.

Artigo 6.- ORGANIZACIÓN DAS PROBAS.

6.1.- VERIFICACIÓNS.

6.1.1.- Establecerase un horario segundo o regulamento particular de cada proba.



6.1.2.- Os Comisarios das Verificacións administrativas e técnicas anotarán tódalas anomalías que presenten os vehículos e de non ser arranxadas na seguinte carreira comunicaranse ós Comisarios Deportivos que determinarán a súa autorización ou non a tomala saída e a Comisión de Autocross da F.G. de A, poderá abrir un expediente informativo, dando traslado á Comisión de Disciplina.

6.2.- CRONOMETRAXE.

6.2.1.- A cronometraxe efectuarase con aparatos de impresión de tempos "TAG HEUER" como mínimo a 1/1000 de segundo. O cronometraxe, grellas de saída, e contavoltas, será levado ha cabo exclusivamente polo equipo oficial da Federación Galega de Automobilismo, no microbús habilitado ó efecto.

6.2.2.- A toma de tempos iniciárase no instante de darse a saída polo Director de Carreira.

6.2.3.- Calquera sistema de telemetría está prohibido.

6.2.3.1.- Radio. Todo sistema de radio-comunicación entre o conductor na pista e calquera outra entidade ou persoa está prohibido.

6.2.3.2.- Infórmase, que na tempada 2016 será obrigatorio o transponder na modalidade de Autocross no Campionato de Galicia da especialidade co modelo TRANS X260 DP; sendo o cronometraxe oficial, co programa "Tag-Heuer Circuit". **Advertenza:** Todo piloto que tivera o transpondedor defectuoso, en adestramentos, ou en carreira, sin instalar, ou sin cargala batería, non saíra na clasificación (baixo a súa exclusiva responsabilidade).

6.2.4.-As quendas de adestramentos cronometraranse volta a volta para cada participante e o mellor dos tempos obtidos servirá para tomar posición na grella da semifinal. No caso de empate entre dous ou mais vehículos no tempo da volta rápida, tomarase como método de desempate a segunda volta rápida e así sucesivamente.

6.2.5.- Si un vehículo voltea na tanda de adestramentos valeralle o tempo realizado na volta anterior, non podendo continuar para rebaixa-lo obtido.

6.2.6.-A carreira darase por finalizada unha vez cumpridas as voltas estipuladas no Regulamento Particular, dando o Director de Carreira a bandeira a cadros a todo participante que pase a liña de meta. Non e necesario cruzar meta para clasificarse, se dous ou mais vehículos quedan parados na pista no transcurso da carreira e na mesma volta, a efectos de clasificación terase en conta ó orde de paso de última volta pola liña de meta, se isto ocorrese na primeira volta, teríamos en conta o lugar que ocupasen na grella de saída.

6.3.- GRELLAS.

6.3.1.- As grellas de saída terán unha composición de 3-2- 3-2 a separación entre vehículos será de 6m. a 8m. entre cada liña. Non se poden colocar en paralelo no sentido lonxitudinal os vehículos.



6.3.2.- Os participantes teranse que presentar na pregrella de saída, trala saída de manga anterior, se non se personasen, trala toma da bandeira de manga anterior quedaran excluídos e o seu posto na grella non será ocupado.

6.3.3.- No caso de que algún piloto non se puidera presentar na grella de saída na Final B serán chamados os vehículos reserva sucesivos que se colocarán no derradeiro lugar da grella, non se deixaran espazos libres.

6.3.4.- No caso de avería estando colocado en grella de saída, no se poderá facer ningunha reparación no vehículo que atrase a proba e o seu posto quedará libre (agas cambiar unha roda co permiso do Director de Carreira).

6.3.5.- Nas finais, o conductor con dereito á “Pole-Position” poderá escoller lugar na primeira fila. O clasificado no segundo lugar poderá escoller unha das dúas prazas restantes. Isto será válido soamente para a primeira liña, o resto da grella colocárase coa pole no lado da primeira curva.

6.3.6.- As grellas formaranse, da seguinte forma:

- Adestramentos: por clasificación no Campionato (1ª proba por clasificación ano anterior), e as seguintes según a derradeira publicación do Campionato 2015.

- Semifinais: colocaranse polos tempos obtidos nos adestramentos na orde de menor a maior.

- Final: Se só houberse unha semifinal a final formaríase na mesma orde na que rematou a semifinal. Se houberse varias semifinais a composición da grella sería:

O primeiro sería o que rematase 1º da semifinal máis rápida, o segundo o 1º da segunda semifinal máis rápida, o terceiro sería o 1º da terceira semifinal máis rápida, se existise senon sería o 2º da semifinal máis rápida e así sucesivamente.

6.4.- SAÍDAS.

6.4.1.- Nos adestramentos darase a saída individualmente por medio dunha bandeira.

6.4.2.- Nas semifinais a luz roxa debe permanecer acesa entre 1 e 4 segundos antes de apagarse.

6.4.3.- No transcurso da proba actuarán XUÍCES DE FEITOS para xulgar as saídas falsas e as penalizacións.

6.4.4.-As saídas anunciaranse 30 segundos antes cunha pancarta en cuio interior figure unha inscrición de 30 seg., indicativos do tempo aproximado que falta para toma-la saída. 5 segundos antes mostrárase outra pancarta coa inscrición 5 seg.

6.4.5.- A saída das Semifinais e Finais daráse mediante semáforo. A saída será o instante no que se apague a luz roxa, despois de ensinar a pancarta de 5 seg.

6.4.6.- Haberá saída falsa para todo vehículo que abandone a posición que lle estaba asignada, antes de apagarse a luz roxa. Neste caso o piloto infractor será advertido da súa acción mediante a presentación dunha pancarta cunha F e o seu número na pizarra. Si esta infracción se produce nunha



Semifinal ou Final non se parará a carreira e o piloto será penalizado con 1 minuto, o cal se sumará ós obtidos na clasificación. Si a saída falsa é con excesiva antelación manifesta, a penalización poderá chegar ata a exclusión a criterio dos Comisarios Deportivos. O deseño da pancarta de sinalización do aviso de saída, será o seguinte:

30 SEG.

5 SEG.

60 x 40 cms 60 x 40 cms. (Poderase utilizar o anverso e o reverso da mesma para as dúas lecturas).

6.5.- BRIEFING.

O Director da Carreira reunirá ós participantes co fin de impartir-las normas de condución, e observacións pertinentes si o estima oportuno antes do comezo da proba.

6.6.- ADESTRAMENTOS.

6.6.1.- Cada serie de adestramentos terá un mínimo de 5 e un máximo de 10 vehículos na pista á vez. Clasificaránse para as Semifinais os 45 mellores tempos dos adestramentos.

6.6.2.- Os vehículos da clase I farán adestramentos entre sí, é dicir, separados da clase II.

6.6.3.- A serie parase canda o primeiro vehículo permaneza 5 voltas sobre a pista e cruce a meta.

6.6.4.- Os Comisarios Deportivos poderán eximir da realización dos adestramentos oficiais a algún participante, se as causas xustificadas de forza maior lle impediron a realización dos mesmos, ocupando o último lugar na grella que se forme sempre e cando houber sitio para él.

6.6.5.- Se nos adestramentos un coche voltea ou é axudado polo público ou por oficiais de pista, debidamente acreditados, considerase retirado a tódolos efectos.

6.6.6.- Na categoría de CAR CROSS, os Comisarios poderán facer volver á pista ó piloto que non poda traccionar por si mesmo hacía atrás, sempre e cando non houber risco para ambos.

6.6.7.- Non se pode parar na pista de adestramentos, se non existe avería. Si un vehículo rompese antes de finaliza-la 1ª volta de adestramento, sairá de último na semifinal.

6.6.8.- Á vista dos tempos realizados na volta rápida dos adestramentos confeccionarase unha lista de cada clase, constituída na orde de menor a maior tempo realizado.

6.7.-SEMIFINAIS. As semifinais disputaranse a 5 voltas.

6.7.1.- Se hai 15 ou menos vehículos autorizados. Realizarase unha soa semifinal.

6.7.2.- Se hai de 16 a 30 vehículos autorizados. Realizaranse dúas semifinais.



6.7.3.- Se hai de 31 a 45 vehículos autorizados. Realizaranse tres semifinais.

6.7.4.- Final B: Disputarase a 6 voltas. Se non houberse un mínimo de 22 vehículos autorizados por clase non haberá Final B (**e mínimo de 8 na grella de saída**) para poder celebrala. De non disputar a Final B, os pilotos reservas deberan presentarse á grella da final, se faltase algún piloto (**o seu posto será ocupado**), o equipo que non se presente no seu lugar e tempo, pasara a ser último, contando os reservas. Completarase a grella con reservas ata 16 participantes.

6.8.- FINAL A. A final realizarase a un mínimo de 8 voltas e un máximo de 12 voltas (por causa de forza maior, por luminosidade, nese caso e por acordo do Colexio de Comisarios Deportivos pódese facer as finais a 5 voltas). O número máximo de vehículos clasificados será de 16.

. 6.8.1.- Clasificados para a Final A:

-Se hai unha soa semifinal, clasificaranse tódolos vehículos.

-Se hai dúas semifinais, clasificaranse os 8 mellores postos de cada Semifinal.

- Se hai tres Semifinais, clasificaranse os 14 mellores postos de entre as tres Semifinais, e os dous mellores da Final B.

6.8.2.- Os vehículos deberán dar entón unha volta de desaceleración ata a entrada do Parque Pechado.

6.9.- REGADURA DA PISTA. O organizador deberá prever un sistema de regadura eficaz, antes de empeza-la proba, dispoñendo como mínimo de 20.000 litros de auga. O horario de regadura así como a súa cantidade queda a criterio e responsabilidade do Director de Carreira. Recoméndase efectuar un regadío previo o día anterior á proba.

6.10.- PARQUE PECHADO.

6.10.1.- A proba non termina ata entrar no parque pechado, e na volta de deceleración non se poderá sacar o casco, cintos, abri-la porta, nin montar ningún no vehículo obrigatoriamente ata estar dentro do parque. (No caso contrario quedaría descalificado). Os vehículos averiados irán o parque pechado, si os Comisarios Deportivos ou o Director da Proba o estiman oportuno.

6.10.2.- Ata despois da publicación oficial dos resultados definitivos, non se poderá sacar o vehículo do Parque Pechado, o levantamento do parque o deciden os Comisarios Deportivos, desde a publicación oficiosa habera 30m para atender as posibles reclamacións.

6.10.3.- Para retirar-lo vehículo do Parque Pechado, será obrigatorio que sexa conducido, ben polo piloto ou por un mecánico con licencia de Asistencia en vigor expedida pola F.G.A.

Artigo 7.- PROCEDEMENTO NO CASO DE INTERRUPCIÓN DA PROBA.

- Se o primeiro participante non completou dous pasos por meta, repítese toda a carreira.

- Se o primeiro participante completou dúas voltas pero non completou mais do 60 % da carreira, darase unha nova saída coa orde do último paso pola liña de meta e sumaranse os tempos obtidas nas dúas partes.



- Se o primeiro participante completou o 60 % da carreira, darase esta por finalizada, confeccionando a clasificación polo derradeiro paso pola liña de meta.

Artigo 8.- OBRIGACIÓNS DOS PILOTOS DURANTE A PROBA.

8.1.- Os vehículos deberanse mover polos seus propios medios, quedando polo tanto prohibido empuxar ó vehículo no circuíto.

8.2.- Os participantes teñen que informar ó Director de Carreira, ó relacións cos participantes ou o Xefe de Boxes de que non van tomar parte nunha manga, a sanción poderá chegar a exclusión da proba.

8.3.- Estará prohibido, baixo pena de exclusión, conducir en sentido inverso ó da carreira, co traslado ao Tribunal Galego de Apelación da F.G. de A. Só se permitirá mover un vehículo en dito sentido para retiralo dunha situación perigosa e elo baixo a vixilancia dun oficial de proba.

8.4.- Cortar o paso intencionadamente a outro participante, ou calquera manobra de conducción antideportiva será penalizado coa exclusión e traslado ó Tribunal Galego de Apelación.

8.5.- No caso de que un vehículo se saia da pista, os oficiais poderán prestar axuda ó piloto empuxando o seu vehículo para sacalo dunha situación perigosa coa condición de que este desprazamento se limite a evacuación do vehículo da pista e se continua en carreira será descalificado.

8.6.- Queda prohibido ó piloto recibir axuda de terceiros, baixo pena de exclusión.

8.7.- Cando un vehículo voltee (en adestramentos ou nas mangas finais, os comisarios deberán volvelo a súa posición primitiva e retiralo da pista).

8.8.- No caso de avería, deberán os conductores situa-lo seu vehículo fora da pista de maneira que a súa presenza non constitúa un obstáculo ou perigo para o resto dos participantes, debendo abandonar o mesmo, **será obrigatorio que o piloto antes de abandonalo vehículo ten que accionalo cortacorrientes.**

8.9.- Queda terminantemente prohibido pararse a menos de 100 m. da liña de meta, so pena de descalificación, e traslado á Comisión de Disciplina.

8.10.- Toda acción de enchido de gasolina ou aceite no circuíto, estará prohibida baixo pena de exclusión.

8.11.- A sinalización efectuarase mediante o Código de bandeiras descrito no Anexo "H" do C.D.I.

BANDEIRA ROXA: Presentada inmóbil e polo Director de Carreira, indica a tódolos pilotos que deben cesar inmediatamente de correr. Esta bandeira é obrigatoria en tódolos postos de control.

BANDEIRA NEGRA: Presentada polo Director de Carreira cunha pizarra cun número anotado, o piloto do vehículo do número indicado deberase deter no parque no seguinte paso polo mesmo, so pena de exclusión.

BANDEIRA BRANCA E NEGRA DIVIDIDA MEDIANTE UNHA DIAGONAL EN DÚAS METADES: Presentada polo Director de Carreira cunha pizarra cun número anotado, constitúe un aviso por conducta non deportiva ó piloto do vehículo do número indicado, so pena de exclusión.

BANDEIRA NEGRA CON DISCO LARANXA: Informa ó piloto do vehículo do número anotado que o seu vehículo ten problemas mecánicos susceptibles de constituír un perigo para o mesmo ou para os demais pilotos e que deberase parar no parque de traballo no próximo paso polo mesmo.



BANDEIRA AMARELA: Perigo. Cando se mostre bandeira amarela estará prohibido facer adiantamentos desde que se mostre ata rebasa-lo obstáculo, so pena de exclusión.

BANDEIRA VERDE: Pista libre.

BANDEIRA AZUL: Debe deixar paso ó vehículo que lle sigue e intenta adiantalo. O significado destas bandeiras esta explicado máis amplamente no Anexo "H" do C.D.I.

Artigo 9.- PREMIOS. PARA ENTREGAR OS TROFEOS POR PROBA:

A tenor dos resultados finais dos Campionatos e Copas de Galicia de Autocross concederanse os seguintes premios por proba: Trofeos según coeficiente ós clasificados da final da Clase I, Clase II, Clase III e Clase IV. A entrega de trofeos podese facer o finalizar de cada clase ó termo da proba. E obrigatorio entregar unha coroa ó gañador da clase I, clase II, clase III, e clase IV. A entrega de trofeos poderase facer ó finalizala final de cada clase ó termo da proba. Os vehículos será obrigatorio levalos antes da Entrega de Premios o Parque Pechado. Entregaranse os seguintes premios en metálico recomendados pola Comision de Autocross da F.G. de A. na final de cada evento.

1.- Si saen ata 6 pilotos (Inclusive) (-1600 c.c., +1600 c.c., Car Cross, 4x4-SCC).

	Inscripción 100€
Clasificado	Coef. 7
1º	220€ e Trofeo
2º	180€ e Trofeo
3º	120€ e Trofeo
4º	80€
TOTAL	600 €

2.- Si saen ata 8 pilotos (Inclusive) (-1600 c.c., +1600 c.c., Car Cross, 4x4-SCC).

	Inscripción 100€
Clasificado	Coef. 7
1º	290€ e Trofeo
2º	230€ e Trofeo
3º	120€ e Trofeo
4º	90€ e Trofeo
5º	70€
TOTAL	800 €

3.- Si saen ata 10 pilotos (Inclusive) (-1600 c.c., +1600 c.c., Car Cross, 4x4-SCC).

	Inscripción 100€
Clasificado	Coef. 7
1º	340€ e Trofeo
2º	240€ e Trofeo
3º	150€ e Trofeo
4º	100€ e Trofeo
5º	90€ e Trofeo
6º	80€
TOTAL	1.000 €



4.- Si saen 12 ou máis pilotos (-1600 c.c., +1600 c.c., Car Cross, 4x4-SCC).

	Inscripción 100€
Clasificado	Coef. 7
1º	375€ e Trofeo
2º	275€ e Trofeo
3º	175€ e Trofeo
4º	150€ e Trofeo
5º	100€ e Trofeo
6º	90€
7º	80€
TOTAL	1.245 €

9.1.- Será obrigatorio que o piloto recolla o Trofeo na Entrega de Premios.

Artigo 10.- CONCURSANTES ADMITIDOS.

Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no Anexo I do Anuario Deportivo 2016 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 11.- TROFEO ESCUDERÍAS.

Otogarase en cada proba puntuable un trofeo á Escudería ou Club concursante que mais pilotos teña entre os cinco mellores clasificados de cada clase, sumando as catro clases.

Artigo 12.- ACTAS E INFORMES DA PROBA.

As actas de clasificación completas, incluíndo as mangas de adestramentos, clasificacións, finais, así como os informes dos Comisarios Técnicos, Comisarios Deportivos e Director de Carreira, deberán obrar no poder da F.G. de A., debidamente cumprimentadas, nun prazo non superior ós dous días; tamén deberán entregarse copias ó Observador da proba, ó finalizar á mesma.

Artigo 13.- OFICIAS DA PROBA.

Presidente Escudería/Comité Organizador:

D. Silvio Antelo Riveiro CD1ª-0383-GA.

Comisarios Deportivos:

Presidente: D. Antonio Pérez Cid CD1ª-0196-GA.
D. Silvio Antelo Riveiro CD1ª-0383-GA.
D. Jose M. Vilariño Ramos CD-0384-GA.

Observador da F.G. de A.:

D. Miguel González Garcia OBS-0028-GA.

Director da Carreira:

D. Mateo Varela Fernandez DC1ª-0053-GA.

Director Adxunto:

D. Antonio Cousillas Ferreiro DC1ª-0385-GA.

Comisarios Técnicos:

Presidente: D. Jesus Pensado Suárez JOC1ª -0386-GA.
D. Fco. A. Gil Antelo CD1ª-0387-GA.

Cronometradores:

D. José A. Penedo Marnotes JOB-0185-GA.

Vehículo "XEFE SEGURIDADE VIAL":

D. Fco. A. Gil Antelo CD1ª-0387-GA.

Nota: En cumprimento da nova normativa de expedición de licencias, o resto dos oficiais da proba comunicaranse no COMPLEMENTO 2, antes da celebración da proba.



Don Silvio Antelo Riveiro, provisto da licencia do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, con número CD1ª-0383-GA, solicito a aprobación do presente regulamento particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.


Fdo: DIRECTOR DA PROBA
N.I.F.: 45860961J
Licencia DC1ª-0053-GA

ENTIDAD Esc. Amigos do Motor
Fdo. PRESIDENTE D. Silvio Antelo Riveiro
C.I.F.: G15661226
Licencia CD1ª-0383-GA



Fdo: Xefe Seguridade Vial
N.I.F.: 33276747W
Licencia CD1ª-0387-GA

CROQUIS/PLANO (SEN ESCALA) DO TRAZADO DO CIRCUÍTO LONXITUDE CIRCUÍTO:
LONXITUDE CIRCUÍTO: 860 mts.



ANEXO I

RALLYES, RALLYMIX, MONTAÑA, AUTOCROSS-RALLYCROSS, KARTING, SLALOM, TRIAL 4x4, CONCENTRACIONES E RUTAS:

- 1.- Por acordo Asembleario é normativa de obrigado cumprimento para os Campionatos e Copas de Galicia de Automobilismo, na tempada do 2016 e seguintes: Unicamente se poderá participar/puntuar coa Licencia Autónoma Única, expedidas polas Federacións Autónomas de Automobilismo.
- 2.- Por acordo Asembleario, de 13 de xaneiro de 2007, a solicitude e obtención de calquera tipo de licencia da F.G. de A. (Organizativa ou Participativa), implicará a cesión de forma expresa nas competicións oficiais, da "Federación Galega de Automobilismo", a todo



dereito de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos á “Federación Galega de Automobilismo” para a súa venta, promoción, e difusión pública do Automobilismo Deportivo de Galicia.

3.- Para garantir a responsabilidade a que houbere lugar da Escudería organizadora, e do participante, e cubrir os danos que se puideran ocasionar nos labores de asistencia, a Xunta Directiva-Comisión Delegada aprobou a seguinte normativa de obrigado cumprimento que estará vixente a partir da tempada 2016, inclusive, para as modalidades de Rallyes, Montaña, RallyMix, Autocross, Karting, Trial 4x4, Concentracións, Rallyes 2ª Categoría, Slalom, e outros eventos:

A.- Para cumprimentalas follas das inscricións terase que indicalo nome, apelidos, e número da licencia do membro que faga as labores de asistencia.

B.- O licenciado que se designe como asistencia, de cada participante, non pode desempeñar a mesma función de asistencia para outro participante.

C.- Todo participante que non sinale na folla de inscrición o nome, apelidos, e licencia da súa asistencia, nos termos antes establecidos será penalizado no inicio das probas nos Campionatos antes mencionados coa non autorización a tomala saída.

4.- Tódolos Campionatos, Copas de Galicia, e Fórmulas de Promoción, a partir da tempada 2016, inclusive, serán considerados “OPEN”.

ACORDO XUNTA DIRECTIVA-COMISIÓN DELEGADA-ASEMBLEA

Que na reunión extraordinaria da “Xunta Directiva/Comisión Delegada da Federación Galega de Automobilismo” adoptáronse os seguintes acordos por unanimidade:

1-Ratifícanse no acordo adoptado polos 17 presidentes de Federacions Autonómicas de automobilismo, adoptado na sede do C.S.D. na mañan do pasado 12 de Outubro.

2-Ratifícanse no acordo de asemblea da R.F.E. de A., celebrada no salón de actos do C.S.D., na tarde do 12 de Outubro, sobre o precio unificado e igual que terá que imperar en todas as expedicións da “Licencia Autonómica Única” polas 17 Federacions Autonómicas.

3-Na reunión extraordinaria de Xunta Directiva/Comisión Delegada da “Federación Galega de Automobilismo”, adoptou de forma unánime o establecemento de que todos os Campionatos de Automobilismo de Galicia, na temporada 2016, sexan considerados “Open”.Asimesmo dito organismo acordou establecer unha inscrición obligatoria os Campionatos para todos aqueles equipos e deportistas que ostenten licencia federativa expedida por **calquera Federación Autonómica que incumpra o acordo adoptado do precio unitario das licencias, acordado e asinado, o pasado 12 de outubro no C.S.D.**

4-O precio de inscrición, para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo 2016, dos titulares de licencias expedidas polas Federacions Autonómicas que non cumplan o acordo de unificación do precio de licencias **establécese en 190 euros.**

5-As licencias estatais da veciña Portugal serán validas para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo sen ningún tipo de restrición.

6-Dito acordo será incluído no Anexo I do Anuario federativo, da “Federación Galega de Automobilismo” 2016, e será comunicado a tódalas Federacións Autonómicas de Automobilismo do Estado español.

7-Con esta medida preténdese evitar e corrixir a competencia desleal do incumplimento que puidera derivarse do acordo de precios de licencias distintos ou inferiores do adoptado no acordo unánime dos presidentes de Federacions Autonómicas e Estatal.

8-É tamén de obrigado cumprimento, para a expedición de calquera tipo de “Licencia Autonómica Única”, **a aportación da copia do D.N.I., ou Certificado de Empadramento, que acredite a vecindad civil aos exclusivos efectos da expedición de licencia pola Federación Autonómica correspondente.**

9-A Federación Autonómica que expida licencias a deportistas, oficiais, etc, non residentes no seu territorio será obxecto de denuncia, pola “Federación Galega de Automobilismo”, en tutela dos seus intereses e dereitos.

10-Asimesmo, e como se puxo de manifesto na Asemblea da “Real Federación Española de Automobilismo”, non serán expedidas nen admitidas, nen forman parte da regulamentación deportiva da “Federación Galega de Automobilismo”, as licencias (ER, COR, PPP, PPC, JOM, PPK), que non serán expedidas, nen poden ser aceptadas para participar en competicións oficiais que se celebren en Galicia, posto que, tratándose de Licencias que otorgan dereitos restrinxidos a deportistas, oficiais, etc., e que non permiten a súa integración plena na “Federación Galega de Automobilismo”, incumpren o disposto na Ley 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia.

A mencionada Ley 3/2012 establece no seu Artigo 28, en canto a expedición e contido das licencias, no seu apartado terceiro, que no caso das licencias federativas, éstas otorgarán o seu titular a condición de membro da correspondente Federación deportiva galega, que o habilita para participar nas súas actividades deportivas e competicións, e acredita a súa integración na Federación deportiva correspondente, con dereito a voto nos procesos electorais da “Federación Galega de Automobilismo”.

As licencias que esta Federación non pode expedir, por aplicación legal, impiden que os seus titulares se integren, con plenos dereitos, na “Federación Galega de Automobilismo”.



CAMPIONATO DE GALICIA DE AUTOCROSS
BOLETÍN DE INSCRICIÓN
PROBA: 32º AUTOCROSS DE SANTA COMBA



	ESCUDERÍA	PILOTO	ASISTENCIAS
NOME			
APELIDO 1º			
APELIDO 2º			
D.N.I. - N.I.F.:			
TELÉFONO			
LICENCIA	EC- -GA	AU- -GA	AS- -GA

Nº DE TRANSPONDER

VEHÍCULO

MARCA E MODELO	MARCA DE NEUMÁTICOS	C.C.	CATEGORÍA

O Concursante, declara baixo a súa exclusiva responsabilidade, que o vehículo debe quedar clasificado no grupo e na clase sinalados anteriormente.

PAGO DE INSCRICIÓN		
Ingreso IBÁN nº:	Entidade B. SANTANDER	ES74 0030 6104 1600 0012 3271
Importe da inscrición:	100 € Acepta a publicidade facultativa: SI <input type="checkbox"/> Coef. 7.	200 € Acepta a publicidade facultativa: NON <input type="checkbox"/>

COBRO DE PREMIOS - OPCIÓN DE ABONO QUE SE SOLICITA <input type="checkbox"/>			
A	Conta bancaria para transferencia de premios <input type="checkbox"/>	Entidade <input type="checkbox"/>	IBÁN Nº: <input type="checkbox"/>
B	En metálico <input type="checkbox"/>	C	Talón nominativo <input type="checkbox"/>

O Concursante suscrito solicita a súa inscrición para participar no 32º AUTOCROSS SANTA COMBA, declarando coñece-lo regulamento da proba, ó cal se somete aceptando sen ningunha reserva, tanto por si mesmo como polos seus conductores.

Asdo: O Concursante

No _____, a _____ de _____ de 2016

Cláusula de privacidad:

Os datos de carácter persoal incluídos neste documento serán incorporados a un fichero automatizado propiedade da escudería organizadora, sendo empregados unicamente con fins propios da activade que desenrola, Conforme a LOPD, vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, poñéndose en contacto ca escudería.

Acepto